

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación coa **liquidación do orzamento da Deputación correspondente ó exercicio de 2021**, emítase o seguinte informe:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLRHL, en materia orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, e 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais (REO)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que ese aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde 419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Bases de execución do orzamento para o exercicio de 2021.

CONSIDERACIÓNS

Primeira. Regulación legal.

De conformidade co disposto no artigo 191 do TRLRFL, a liquidación dos orzamentos das Entidades Locais, efectuarase, e canto a recadación de dereitos e pago das obrigas, a 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da tesourería os ingresos e gastos pendentes.

A. *Contido:*

A liquidación do orzamento porá de manifesto:

- a. Respecto do orzamento de gastos, e para cada partida orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordenados e os pagos realizados.
- b. Respecto do orzamento de ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

2. Como consecuencia da liquidación do orzamento deberán determinarse:



- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario do exercicio.
- Os remanentes de crédito.
- O remanente de tesourería.

B. Ámbito temporal.

O peche e liquidación dos orzamentos da Entidade local efectuarase, en canto á recadación de dereitos e o pago de obrigas, o 31 de decembro do ano natural.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

Elaboración, informe e aprobación

Unha vez elaborada a liquidación do orzamento e informada pola Intervención, procederase á súa aprobación polo Presidente/a da Entidade.

Dación de conta e remisión

Da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

As entidades locais remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos á Administración do Estado e á comunidade autónoma antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.

A falta de remisión da liquidación no prazo sinalado facultará á Administración para utilizar como actuais, a calquera efecto, os datos que coñeza relativos á entidade de que se trate.

Segunda. Contido liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra

A liquidación do Orzamento da Deputación de Pontevedra incorpora a documentación correspondente:

- Liquidación do orzamento de Gastos, con determinación dos remanentes de crédito.
- Liquidación do orzamento de Ingresos.
- Dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesouraría.

Para a elaboración deste informe de liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra- exercicio 2021, tómase como referencia os datos de execución orzamentaria derivados formalmente dos libros de Contabilidade.



Terceira. Liquidación orzamento de gastos e ingresos.

GASTOS

No exercicio 2021 recoñecéronse **obrigas de gasto** con cargo ao Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 154.775.706,58 € (táboa 1).

Táboa 1. Execución orzamentaria 2021. Créditos definitivos, obrigas recoñecidas e pagos (resumo por capítulos)

Cap.	Denominación capítulo	C.D. 2021	O.R. 2021	PAGOS
1	Gastos persoal	48.111.335,00	42.497.751,26	42.497.751,26
2	Gastos en b. e s. correntes	43.406.779,68	28.458.891,61	28.458.891,61
3	Gastos financeiros	401.001,00	185.411,82	185.411,82
4	Transferencias correntes	45.467.775,82	23.488.882,08	23.488.882,08
5	Fondo de continxencia e outros	1.000.000,00	0,00	0,00
Total gastos correntes		138.386.891,50	94.630.936,77	94.630.936,77
6	Investimentos reais	57.252.883,76	16.615.616,37	16.615.616,37
7	Transferencias de capital	165.633.069,33	42.202.518,47	42.202.518,47
Total gastos capital		222.885.953,09	58.818.134,84	58.818.134,84
Total op. non financeiras		361.272.844,59	153.449.071,61	153.449.071,61
8	Variación de activ. financ.	1.044.767,49	437.420,36	437.420,36
9	Variación pasiv. financ.	889.215,00	889.214,61	889.214,61
Total op. financeiras		1.933.982,49	1.326.634,97	1.326.634,97
Total Gastos		363.206.827,08	154.775.706,58	154.775.706,58

Execución orzamentaria

Como podemos ver na táboa 2, a porcentaxe de execución sobre créditos definitivos é do 42,61%. Por capítulos, a porcentaxe de execución máis alta é a do capítulo 9 (100%) seguida do capítulo 1 (88,33 %). Moi por debaixo lle seguen o capítulo 2 (65,56%) e o capítulo 4 (51,66 %). Nos restantes capítulos a execución sitúase por debaixo do 50%. As porcentaxes máis baixas localízanse nos capítulos 6 e 7 cunha execución do 29,02% e 25,48%, respectivamente.

A porcentaxe de execución (obrigas recoñecidas/créditos definitivos) global e nos capítulos 6 e 7 é a máis baixa dos últimos anos, con especial referencia ao capítulo de investimentos propios, cuxa execución baixa en máis de dezasete puntos porcentuais respecto ao ano anterior (táboa 3).

Respecto ao capítulo 7 parte desta baixa execución explícase polo proxecto REACPON, financiado con endebedamento, con compromiso de gasto no mes de decembro e por conseguinte a executar no seguinte exercicio, acadando o compromiso de gasto (fase D) unha porcentaxe do 86,38% respecto dos créditos definitivos deste capítulo.

No capítulo 6 de investimentos propios a porcentaxe do compromiso de gasto (fase D) respecto a créditos definitivos é do 50,63 %.



Como en informes anteriores, lémbrese a necesidade de procurar un maior cumprimento do principio xeral de anualidade orzamentaria, recomendado a adopción de medidas de mellora na planificación e programación do gasto. A execución plurianual de gastos que se orzamentan nun único exercicio, dificulta a correcta programación e seguimento de execución orzamentaria e do cumprimento da estabilidade e da regra de gasto. Si ben neste exercicio atópanse suspendidas as regras fiscais (estabilidade e regra do gasto) resulta aconsellable reducir os prazos de execución e xustificación en vindeiros exercicios (sen prexuízo das excepcións que veñan impostas polo prazo de execución real do gasto) para evitar problemas de seguimento e reducir a incerteza no seguimento.

Táboa 2. Porcentaxe de execución (OR/CD). Orzamento 2021.

Cap.	Denominación capítulo	C.D. 2021	O.R. 2021	% OR/CD
1	Gastos persoal	48.111.335,00	42.497.751,26	88,33%
2	Gastos en b. e s. correntes	43.406.779,68	28.458.891,61	65,56%
3	Gastos financeiros	401.001,00	185.411,82	46,24%
4	Transferencias correntes	45.467.775,82	23.488.882,08	51,66%
5	Fondo de continxencia e outros	1.000.000,00	0,00	0,00%
Total gastos correntes		94.630.936,77	94.630.936,77	68,38%
6	Investimentos reais	57.252.883,76	16.615.616,37	29,02%
7	Transferencias de capital	165.633.069,33	42.202.518,47	25,48%
Total gastos capital		58.818.134,84	58.818.134,84	26,39%
Total op. cap. no financeiras		153.449.071,61	153.449.071,61	42,47%
8	Variación de activ. financ.	1.044.767,49	437.420,36	41,87%
9	Variación pasiv. financ.	889.215,00	889.214,61	100,00%
Total op. cap. financeiras		1.326.634,97	1.326.634,97	68,60%
Total Gastos		154.775.706,58	154.775.706,58	42,61%

Táboa 3. Porcentaxe de execución orzamentaria (OR/CD) período 2018 - 2021

Cap.	Denominación capítulo	2018	2019	2020	2021
1	Gastos persoal	91,20%	91,68%	90,08%	88,33%
2	Gastos en b. e s. correntes	62,86%	65,65%	57,62%	65,56%
3	Gastos financeiros	87,15%	72,31%	43,22%	46,24%
4	Transferencias correntes	58,26%	59,55%	60,92%	51,66%
5	Fondo de continxencia e outros				
Total gastos correntes		71,00%	71,92%	70,00%	68,38%
6	Investimentos reais	31,59%	43,74%	45,34%	29,02%
7	Transferencias de capital	27,24%	32,96%	28,95%	25,48%
Total gastos capital		28,46%	35,70%	32,63%	26,39%
Total op. non financeiras		46,34%	50,85%	49,10%	42,47%
8	Variación de activ. financ.	58,84%	45,52%	19,42%	41,87%
9	Variación pasiv. financ.	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Total op. financeiras		85,36%	79,97%	82,34%	68,60%



Total Gastos	47,57%	51,49%	49,85%	42,61%
---------------------	---------------	---------------	---------------	---------------

En termos interanuais, como se recolle na táboa 4, o gasto executado (fase O) se minora respecto ao ano anterior, cunha redución nos capítulos de transferencias correntes, investimentos propios e pasivos financeiros, incrementándose as obrigas recoñecidas correspondentes a gasto corrente, gastos financeiros, transferencias de capital e activos financeiros.

Táboa 4. Porcentaxe de variación interanual de obrigas recoñecidas (O) no período 2018 – 2021

Cap.	Denominación capítulo	Variación 2019/2018	Variación 2020/2019	Variación 2021/2020
1	Gastos persoal	2,32%	1,32%	-2,15%
2	Gastos en b. e s. correntes	2,24%	-7,09%	19,74%
3	Gastos financeiros	-77,11%	34,06%	14,78%
4	Transferencias correntes	17,81%	2,69%	-21,76%
5	Fondo de continxencia e outros			
Total gastos correntes		6,01%	-0,43%	-2,83%
6	Investimentos reais	32,46%	-14,45%	-7,65%
7	Transferencias de capital	32,44%	-14,73%	6,46%
Total gastos capital		32,45%	-14,64%	2,06%
Total op. non financieras		15,42%	-6,23%	-1,01%
8	Variación de activ. financ.	-41,39%	-74,43%	39,60%
9	Variación pasiv. financ.	-28,07%	24,18%	-84,53%
Total op. financieras		-31,33%	3,54%	-78,12%
Total Gastos		12,79%	-5,90%	-3,91%

En canto a execución dos **pagos** das obrigas recoñecidas, acádase unha porcentaxe do 100%.



INGRESOS

Os **dereitos recoñecidos** netos con cargo ao Orzamento da Deputación (táboa 5) supoñen un total de **172.546.457,44 €**.

Táboa 5. Execución orzamentaria 2021. Previsións definitivas, dereitos recoñecidos netos e ingresos (resumo por capítulos)

Cap.	Denominación capítulo	P.D	DR NETO	INGRESOS
1	Impostos directos	12.944.345,00	13.485.251,16	12.626.049,98
2	Impostos indirectos	13.387.650,00	12.939.413,16	12.115.016,33
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	11.309.796,78	13.185.107,17	12.998.281,61
4	Transferencias correntes	128.179.018,13	128.057.966,75	119.455.023,12
5	Ingresos patrimoniais	302.653,00	278.214,68	274.224,87
Total ingresos correntes		166.123.462,91	167.945.952,92	157.468.595,91
6	Alleamento investimentos reais	1.200.500,00	1.938.460,90	1.233.319,69
7	Transferencias de capital	11.530.131,91	1.664.698,25	2.101.895,32
Total ingresos capital		12.730.631,91	3.603.159,15	3.335.215,01
Total ingresos non financeiros		178.854.094,82	171.549.112,07	160.803.810,92
8	Variación de activ. financ.	159.302.732,21	997.345,37	926.975,95
9	Variación pasiv. financ.	25.000.000,00	0,00	0,00
Total op. cap. financieras		184.302.732,21	997.345,37	926.975,95
Total		363.156.827,03	172.546.457,44	161.730.786,87

Execución orzamentaria

Como podemos ver na táboa 6, as porcentaxes de execución por capítulo son elevadas, superándose as previsións nos capítulos, 1 (impostos directos), 3 (taxas e outros ingresos) e 6 (alleamento de investimentos reais,) e con valores superiores ao 90% nos restantes capítulos, coa excepción do 7 e do 9.

A baixa porcentaxe do capítulo 8 ven dada pola composición deste capítulo que se corresponde nun 99,39% co Remanente de tesouraría incorporado para financiamento de modificacións de crédito, de xeito que se axustamos á baixa este capítulo no importe do Remanente de Tesouraría incorporado, acadaríase unha porcentaxe de execución do 84,15 %.

Táboa 6. Porcentaxe de execución (DRN/PD)

Cap.	Denominación capítulo	P.D	DR NETO	DR/PD (%)	DR/PD (excluído cap. 8)
1	Impostos directos	12.944.345,00	13.485.251,16	104,18%	104,18%
2	Impostos indirectos	13.387.650,00	12.939.413,16	96,65%	96,65%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	11.309.796,78	13.185.107,17	116,58%	116,58%
4	Transferencias correntes	128.179.018,13	128.057.966,75	99,91%	99,91%
5	Ingresos patrimoniais	302.653,00	278.214,68	91,93%	91,93%
Total ingresos correntes		166.123.462,91	167.945.952,92	101,10%	101,10%



6	Alleamento investimentos reais	1.200.500,00	1.938.460,90	161,47%	161,47%
7	Transferencias de capital	11.530.131,91	1.664.698,25	14,44%	14,44%
Total ingresos capital		12.730.631,91	3.603.159,15	28,30%	28,30%
Total ingresos non financeiros		178.854.094,82	171.549.112,07	95,92%	95,92%
8	Variación de activ. financ.	159.302.732,21	997.345,37	0,63%	
9	Variación pasiv. financ.	25.000.000,00	0,00	0,00%	0,00%
Total op. cap. financieras		184.302.732,21	997.345,37	0,54%	0,00%
Total		363.156.827,03	172.546.457,44	47,51%	84,15%

En termos comparativos, os ingresos globais manteñen unha liña ascendente incrementándose respecto a anos anteriores (táboa 7). Os principais incrementos interanuais por capítulo no último exercicio correspóndense con taxas, prezos públicos (capítulo 3) e transferencias de capital (capítulo 7).

Táboa 7. Porcentaxe de incremento interanual de dereitos recoñecidos (2018/2021)

Cap.	Denominación capítulo	Variación 2019/2018	Variación 2020/2019	Variación 2021/2020
1	Impostos directos	14,97%	4,64%	-5,68%
2	Impostos indirectos	-3,48%	4,56%	-0,55%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2,42%	-1,04%	23,15%
4	Transferencias correntes	2,03%	4,00%	3,33%
5	Ingresos patrimoniais	-4,88%	-7,76%	-5,32%
Total ingresos correntes		2,58%	3,73%	3,52%
6	Alleamento investimentos reais	-25,87%	200,69%	-30,68%
7	Transferencias de capital	-22,37%	-76,84%	70,68%
Total ingresos capital		-23,02%	-26,65%	-4,47%
Total ingresos non financeiros		1,51%	2,76%	3,34%
8	Variación de activ. financ.	-6,39%	-11,98%	-16,68%
9	Variación pasiv. financ.			
Total op. cap. financieras		-6,39%	-11,98%	-16,68%
Total		1,44%	2,64%	3,19%

En canto á execución da recadación ou ingresos sobre dereitos recoñecidos, acádase unha porcentaxe media do 93,73%, superior ao 90% en todos os capítulos excepto o 6 (63,62%) pola existencia de recibos de venta con pago aprazado de parcelas do Polígono de Barro pendentes de ingreso ao peche do exercicio.

Táboa 8. Porcentaxe de ingreso dos dereitos recoñecidos netos no exercicio 2021

Cap.	Denominación capítulo	DR NETO	INGRESOS	INGRESOS/DRN(%)
1	Impostos directos	13.485.251,16	12.626.049,98	93,63%
2	Impostos indirectos	12.939.413,16	12.115.016,33	93,63%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	13.185.107,17	12.998.281,61	98,58%
4	Transferencias correntes	128.057.966,75	119.455.023,12	93,28%
5	Ingresos patrimoniais	278.214,68	274.224,87	98,57%



Total ingresos correntes		167.945.952,92	157.468.595,91	93,76%
6	Alleamento investimentos reais	1.938.460,90	1.233.319,69	63,62%
7	Transferencias de capital	1.664.698,25	2.101.895,32	126,26%
Total ingresos capital		3.603.159,15	3.335.215,01	92,56%
Total ingresos non financeiros		171.549.112,07	160.803.810,92	93,74%
8	Variación de activ. financ.	997.345,37	926.975,95	92,94%
9	Variación pasiv. financ.	0,00	0,00	
Total op. cap. financieras		997.345,37	926.975,95	92,94%
Total		172.546.457,44	161.730.786,87	93,73%

Cuarta. Resultado orzamentario.

A liquidación amosa un resultado orzamentario axustado positivo por importe de **86.912.163,00 euros**.

O resultado orzamentario é altamente positivo con suficiencia dos ingresos liquidados por operacións correntes para facer fronte á totalidade das obrigas do exercicio.

Táboa 9. Resultado orzamentario 2021

CONCEPTOS	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Resultado orzamentario
A) Operacións correntes	167.945.952,92	94.630.936,77	73.315.016,15
B) Outras operacións non financeiras	3.603.159,15	58.818.134,84	-55.214.975,69
1. TOTAL operacións non financeiras	171.549.112,07	153.449.071,61	18.100.040,46
C) Activos financeiros	997.345,37	437.420,36	559.925,01
D) Pasivos financeiros	0,00	889.214,61	-889.214,61
2. Total operación financeiras	997.345,37	1.326.634,97	-329.289,60
TOTAL	172.546.457,44	154.775.706,58	17.770.750,86
AXUSTES			
Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais		65.390.392,70	
Desviacións de financiamento negativas do exercicio		6.287.761,35	
Desviacións de financiamento positivas del exercicio		2.536.741,91	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO			86.912.163,00

Quinta. Remanente de Tesourería

O remanente de tesourería correspondente coa liquidación do exercicio 2021 ascende á contía de 177.712.869,34 €, cun exceso de financiamento (RTGFA) de 4.124.220,31 €, resultando un importe 172.896.576,10 € de Remanente de tesourería para gastos xerais (RTGX).

Para a determinación do remanente de tesourería as débedas pendentes de ingreso calculáronse con estritos criterios de prudencia. No que atinxe a determinación de dereitos de dubidoso cobro aplícase o criterio restritivo de considerar o 75% dos



dereitos pendentes do ano anterior e o 100% dos restantes dereitos de exercicios pechados.

Táboa 10. Remanente de Tesourería 2019-2021

	Importes 2021	Importes 2020	Importes 2019
1. Fondos líquidos	190.686.199,25	171.196.067,89	161.998.724,92
2. Derechos pendientes de cobro	15.567.958,57	14.078.640,46	13.019.999,21
(+) Orzamento corrente	13.371.820,96	12.871.248,00	11.617.641,05
(+) Orzamentos pechados	726.329,37	831.690,57	914.170,81
(+) Operacións non orzamentarias	1.469.808,24	375.701,89	488.187,35
3. Obligacións pendentes de pago	28.565.690,91	25.803.552,21	20.815.136,97
(+) Orzamento corrente	189.251,66	1.064.432,60	5.141.569,22
(+) Orzamentos pechados	162.128,41	154.309,77	153.544,25
(+) Operacións non orzamentarias	28.214.310,84	24.584.809,84	15.520.023,50
4. Partidas pendentes de aplicación	24.402,43	783.623,70	-7.822,95
(-) Cobros realizados pendentes aplic. definitiva	784.070,15	70.097,75	29.129,00
(+) Pagos realizados pendentes aplic. definitiva	808.472,58	853.721,45	21.306,05
I. Remanente de Tesourería Total (1+2-3+4)	177.712.869,34	160.254.779,84	154.195.764,21
II. Saldo dubidoso cobro (*)	692.072,93	804.247,42	867.261,48
III. Exceso Financiamento afectada	4.124.220,31	3.951.333,20	6.058.204,79
IV. Remanente de Tesourería para gastos xerais	172.896.576,10	155.499.199,22	147.270.297,94

O RTGX incrementase no saldo dos tres primeiros grupos de compoñentes (fondos líquidos, dereitos e obrigas pendentes). O saldo das partidas pendentes de aplicación diminúe polo aumento da contía dos cobros pendentes de aplicación, incremento que se corresponde co importe dunha subvención anticipada a finais de ano.

O saldo acumulado nas obrigas pendentes de pago de operacións non orzamentarias mantense moi elevado. Este saldo correspóndese principalmente con ingresos pendentes de aplicacións de recursos xestionados polo ORAL. Si ben parte deste volume xustifícase na propia mecánica recadatoria, recomendándose que se leven a cabo s traballos de depuración e/ou aplicación de saldos.



Sexta. Aforro neto e porcentaxe débeda

Da liquidación da Deputación pódese destacar á obtención doutros datos de interese económico como o aforro neto ou a porcentaxe de débeda:

Táboa 11: Aforro neto

AFORRO NETO	
Ingresos liquidados cap. 1 - 5 orzamento ingresos	167.945.952,92
Obrigas recoñecidas cap. 1 , 2 e 4 orzamento gastos	94.445.524,95
Obrigas recoñecidas (capítulos 1, 2, 4), derivadas de M.C. financiadas con RLT	16.212.307,56 €
AFORRO BRUTO (1-2+3)	89.712.735,53
ATA ¹	2.723.469,46
AFORRO NETO (4-5)	86.989.266,07

O coeficiente de débeda financeira² sobre ingresos correntes (artigo 53.2 TRLRFL) sitúase nunha porcentaxe do 15,18% .

Sétima. Estabilidade orzamentaria e regra do gasto.

O estudio do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto é obxecto de Informe independente, que complementa este informe.

No en tanto, como xa se expuxo en apartados anteriores deste informe a obrigatoriedade legal do cumprimento da estabilidade e da regra do gasto foi suspendida para o exercicio 2021, manténdose dita suspensión no ano 2022.

CONCLUSIÓNS:

- O estado da liquidación do Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente á anualidade 2021 incorpora a documentación esixida pola normativa legal aplicable.
- O Orzamento 2021 liquídase con resultado orzamentario e remanente de tesourería positivos.
- Unha vez aprobada a liquidación por Resolución presidencial, deberase dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Unha copia do expediente remitirase á Administración do Estado e Administración Autonómica.

En Pontevedra,

Documento datado e asinado dixitalmente

^{1,2} Inclúese no cálculo o importe máximo dispoñible das novas operacións de crédito concertadas para financiamento do proxecto REACPON.

